

**ACTA NÚMERO 04/08**  
**XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO**  
**E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA**

**ASISTENTES**

**POLA DIRECCIÓN:**

D. CARLOS EIREA EIRAS  
D<sup>a</sup>. SUSANA ALDECOA LANDESA  
D<sup>a</sup>. PILAR RIBEIRO MARTINEZ  
D<sup>a</sup>. PILAR PINTOS MARTINEZ  
D. FERNANDO ISIDRO LAGO DEIBE  
D<sup>a</sup>. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ  
D<sup>a</sup>. BELEN VAZQUEZ PACHECO  
D<sup>a</sup>. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO

**POLA COMISIÓN DE CENTROS:**

D. JOSE LUIS MARTINEZ FDEZ.-CSI-CSIF  
D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF  
D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG  
D. MANUEL GONZALEZ MOREIRA-CIG  
D. ALBINO SANMIGUEL CID-CC.OO  
D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE  
D<sup>a</sup>. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE  
D<sup>a</sup>. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE  
D<sup>a</sup>. HERMINIA VAZQUEZ NIEVES-CEMSATSE  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE  
D<sup>a</sup>. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-USAE  
D<sup>a</sup>. ALAZNE ACHALANDABASO CUBAS-UGT  
D. JORGE QUINTANA MIRÓN-UXT  
D. JOSE M. BREA FEIJOO-O'MEGA  
D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA

En Vigo, ás nove horas e quince minutos do día sete de abril de dous mil oito, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

**-- ORDE DO DÍA --**

1. Proposta da Xerencia de Unificación de sábados: Explicación detallada do xeito de proceder.
2. Oferta de voluntariedade. Calendarios consensuados.
3. Unificación de criterios no tocante a formularios sociais ( por exemplo, para Lei de dependencia), polo incremento de traballo burocrático que representan.
4. Concurso Mobilidade Interna. Adaptacións provisionais.
5. Fisioterapeutas: cadro de persoal e previsións
6. Escrito enviado polos traballadores de SAP Val Miñor. Información respecto ao mesmo.
7. Garantir a presenza de TCAE por Centro e quenda (plan mellora)
8. Atención domiciliaria
9. Protocolo interno de vacacións e días de libre disposición
10. Unificación PAC Vigo.

**PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.**

Na acta nº 2/08 da reunión de data 11 de febreiro de 2008, quere que conste as seguintes alegacións:

- O sindicato SATSE:

Punto numero 4, CEMSATSE: o cese seria por centro no, tamén en enfermería porque listados de contratación temporais son de área e non por centro, como así dos ceses.

- O sindicato CIG: alega a toda a Acta, en base a que se debe recoller só acordos e desacordos, e no caso de querer descrición literal xuntárase a Acta o documento que entregase a organización sindical correspondente.

- COMISION DE CENTRO: Non está de acordo.

XERENCIA: A nosa postura e que na próxima reunión a Comisión de Centro propoña como deberían ser as redaccións das actas e a Xerencia traerá a súa e tratarase como punto na próxima reunión, non como alegación a acta.

Queda pendente a aprobación da acta 3/08, da reunión celebrada o pasado día 7 de abril de 2008

**PUNTO SEGUNDO.- PROPOSTA DA XERENCIA DE UNIFICACION DE SABADOS: EXPLICACION DETALLADA DO XEITO DE PROCEDER.**

- COMISION DE CENTRO: Quere coñecer todos os datos que vai a facilitar a Xerencia porque consideran que se vai ser un único punto debería ser non no PAC de Coia senón nun Centro coma A Doblada ou Coia.

- XERENCIA: A unificación vai mais alá dunha reivindicación laboral, e unha ordenación da prestación asistencial.

▪ A prestación asistencial dos sábados en centros e unha prestación peculiar non ordinaria, senón moi similar á prestación de tipo urxente ou non demorable, ademais pola estrutura actual das presenzas: 1 medico xeral, 1 enfermeiro e 1 persoal non sanitario, por acudir aos domicilios a maioría das veces falta algún dos profesionais, e isto unido a non sectorización de Vigo o tempo de ausencia dun profesional pode ser amplo. No caso de pediatría a poboación incluso non sabe o centro que ten de referencia e en ocasións o pediatra entra na quenda como medico xeral.

▪ Para mellorar a prestación baralláronse varias opcións, chegando á conclusión que o mellor seria unificar a atención dos sábados onde esta o PAC e ademais como queremos unificar o PAC, pensamos en Coia.

Primeiro o espazo ideal seria no Hospital Xeral (cando se traslade o hospital).

En Coia estase valorando a posibilidade de facer un aparcadoiro enriba do PAC, hai que pedir os permisos e facer os estudos correspondentes.

Parece a menos mala a solución de Coia, ademais iría unida a mellora de medios técnicos, para mellorar a capacidade resolutive.

- ¿Cando podería abordarse isto?. O planeamento inicial fora o 1 de maio para darnos presa a nos mesmos, pero a data que agora estamos barallando sería o 24 de maio.

Sendo en Coia as presenzas que se manexan serían:

- 8 médicos xerais ( 6 mx + 2 pediatras sitos no C.S. Coia)

↓  
4 in situ  
2 domicilios

- 8 enfermeiros
- 3 PSX
- 3 condutores
- 2 auxiliares de enfermería

→  
4 in situ  
4 domicilios

Estamos pensando facer obras no PAC de Coia, con idea de gañar espazos de consultas, ampliar a sala de espera, gañar espazos para dormitorios, reordenar o área de entrada.

- Obras planeadas:

O xerente presenta as obras que se están estudando para reformar o PAC Coia.

Coa reforma en Coia permitiríanos crecer en consultas e poder incrementar o número de consultas de Pre Navia e unido á unificación do PAC, permitiríanos crecer en 3 consultas de tarde no centro da Rúa Bolivia.

- CEMS: Considera que por número de presenzas en sábado de mañá sería necesario facer 1 consulta máis xa que se fala de 7 e serían 8 presenzas (4 mx + 4 enf).
- XERENCIA: Coa actividade que hai non é probable que se usen 8 consultas simultaneamente pero sempre poderíase utilizar, en caso de ser necesario, o box de observación.
- O'MEGA: Enfermería 4 ¿Un iría para a primeira planta cos pediatras?  
Un PSX obrigatoriamente tería que estar arriba.  
A opinión de O'MEGA ante a unificación do PAC sempre tivo un carácter negativo, queremos saber ratios en Rosalía de Castro e Coia, xa que se pon como desculpa o aparcadoiro, que en Rosalía non hai e en Coia si.  
¿Houbo negociación coa dirección do CHUVI? Porque a poboación que vai a Bolivia non vai a ir a Coia, van a ir ao Hospital Xeral o que colapsaría as urxencias.
- XERENCIA: O planeamento do incremento de urxencias hospitalarias é un pronóstico, a única referencia que temos é que cando se pechou Bolivia, baixo a frecuencia tanto no PAC como nas urxencias do Xeral, pero non o estamos usando.
- O'MEGA: A pregunta foi, ¿falouse coa dirección do CHUVI?. ¿Por que se para poder crecer en médicos xerais fan falta espazos, por qué non se alugan locais?.

- XERENCIA: Tamén se está barallando pero o que pode haber supón unha inversión importante en adaptación.
- O'MEGA: ¿O Concello pode ceder mais facilmente locais en lugar de terreos?
- XERENCIA: Neste momento o Concello esta alugando locais para ceder a asociacións, porque os seus os teñen ocupados.
- CEMSATSE: Estanse mesturando dúas cousas. Unificación dos sábados e unificacións do PAC.
- XERENCIA: Xa se dixo que as obras faríanse independentemente da unificación do PAC.
- CIG: Seguimos reivindicando 35 horas semanais, con esta unificación sería mais fácil dar o paso as 35 horas semanais, o que sería un argumento ante a opinión pública.
- XERENCIA: A unificación de sábados vai a ir adiante aínda que pode haber disconfort durante o tempo das obras.
- COMISION DE CENTRO: Estudaremos as posibles localizacións porque non tiñamos todos os datos que agora se facilitaron.  
Solicitan que se lle facilite toda a información que haxa e logo reuniranse previamente a comisión de centro para establecer unha postura e poñer unha reunión monográfica para o tema.
- XERENCIA: Mais o menos saen 1 de cada 21 ou 24 sábados por categoría.
- O'MEGA: Nos son dous sábado ao ano, son dous sábados mais o sábado que ten que estar localizado por imprevistos.
- CEMS: Os sábados que xa se fixeron este ano ¿se teñen en conta? ¿Como serían os sábados entre festivos?
- XERENCIA: Pártese de cero, sábados antes de festivos como vaia a cadencia, de todas formas isto é un estudo que se esta facendo pero estamos abertos a suxestións.  
Temos que poñer un día para pechar esta cuestión.
- SATSE: Feito un sondaxe nos centros sobre a unificación de sábados, no todo o persoal está de acordo na unificación de sábados.
- XERENCIA: ¿Cantos? ¿Que percepción tedes vos? ¿A oposición e importante?.
- SATSE: Maioritariamente non, a oposición é sobre todo polo cambio de centro e non ter acceso a historia clínica e aos domicilios.

### **PUNTO TERCEIRO.- OFERTA DE VOLUNTARIEDADE. CALENDARIOS CONSENSUADOS**

- COMISIÓN DE CENTRO: A raíz dos acordos da mesa sectorial queremos saber como ides facer.

- XERENCIA: Este próximo venres haberá a primeira mesa de seguimento que ten como primeiro punto a oferta de voluntariedade. Esperemos ter o mesmo venres as instrucións e poidamos abordar este tema.
- CEMS: ¿A intención unha vez que teñades as instrucións é facelo antes do verano?
- XERENCIA: Si, non so nosoutros senón tamén Servizos Centrais
- DIRECCION ASISTENCIAL: Temos que traballar unha vez que teñamos instrucións, farase o antes posible pero tendo en conta todas as variables que esta en xogo (concurso traslados, vacacións, ...)

**PUNTO CUARTO.- UNIFICACIÓN DE CRITERIOS NO TOCANTE A FORMULARIOS SOCIAIS (POR EXEMPLO.- PARA LEI DE DEPENDENCIA), POLO INCREMENTO DE TRABALLO BUROCRÁTICO QUE REPRESENTAN.**

- O'MEGA: O formulario de ámbito social, remitímosvos un correo, porque cada vez son máis os formularios que hai que cubrir. Hai unha descoordinación absoluta e ademais debería aproveitarse a ferramenta informática.
- XERENCIA: A idea de Servizos Centrais é unificar isto no sentido do que acabas de expor e crear os informes nós mesmos e na ferramenta informática. Propoño que ti que estás traballando este tema con outros de aquí elaborem un informe para propor a Santiago

**PUNTO QUINTO.- CONCURSO MOBILIDADE INTERNA. ACOPLAMENTOS PROVISIONAIS.**

- COMISION DE CENTRO: Elaborouse un documento pola comisión de centro, para que o estude a Xerencia e tratarase na próxima reunión.

**PUNTO SEXTO.- FISIOTERAPEUTAS: CADRO DE PERSOAL E PREVISIÓNS.**

- COMISION DE CENTRO: Que previsión hai de contratacións, localización e desenvolvemento ao longo do ano.
- XERENCIA: Temos elaborado unha proposta de reordenación de fisioterapia de toda a area de Vigo en coordinación co CHUVI, e a proposta é:
  - ⇒ Incremento de prestacións de quendas nas UAP (executado febreiro 2008): Redondela – Tui – Val Miñor
  - ⇒ Proposta de creación de novas unidade ao longo do 2008 que ten que ir unida a infraestruturas:
    - Unidade de MOAÑA: a xerencia fixo unha proposta ao Concello para que xestione un local e adecúe, poríamolo en funcionamento provisionalmente en tanto non se constrúa o novo centro, aproveitaríase a obra para

situar tamén odontoloxía neste espazo. Cangas quedaría como está 3 (2-1) e Moaña con 2.

- Unidade de LAVADORES: Unidade no só Lavadores senón conxunto de servizos de Vigo en quenda de mañá e tarde ( 2 e 2)
- Unidade COIA: no centro de especialidades, os fisioterapeutas do CHUVI que están en Especialidades de Coia sairían para a súa Unidade do Nicolás Peña e ocuparíamos o ximnasio con dous fisioterapeutas en quenda de mañá.

En total a previsión serían 13 prazas, do plan mellora temos 16, as outras 3 reconvértense en prazas que necesitamos:

- 1 persoal técnico para obras (enxeñeiro o arquitecto técnico)
- PSX

Respecto a Lavadores hoxe o Director Provincial ten unha reunión de seguimento de obras para intentar acelerar esta obra.

#### **PUNTO SETIMO.- ESCRITO ENVIADO POLOS TRABALLADORES DE SAP VAL MIÑOR. INFORMACION RESPECTO AO MESMO.**

- COMISIÓN DE CENTRO: Pregunta polo caso concreto de Val Miñor xa que hai incremento doutras categorías ¿Previsións?
- D. XESTION: Por falta de tempo non temos datos de traballos comúns, os datos que obtivemos de:
  - Ratio / TIS do SAP Val Miñor son:
    - o Val Miñor: 2.337
    - o Panxón: antes incremento do PSX de 3.903 e agora incremento 2.602

O incremento doutras categorías non ten porque levar aparelado incremento de persoal non sanitario.

- Citas Febreiro 2008:
  - o Baiona: 7.297 con 3 profesionais
  - o Val Miñor: 7.772 con 5 profesionais (m.x, enfe, pediatría)
  - o Gondomar: 6.977 con 3 profesionais, a partir do 28 de febreiro incrementouse 1 PSX de tarde
  - o Panxon: 6.153 con 3 profesionais desde o 11 de febreiro, desde esta data na franxa de 8 a 10:30 horas hai unha redución de xornada polo que quedan 2 profesionais,

No escrito din que dan cita a unha poboación de 40.000 habitantes cando Gondomar e Baiona teñen matrona e citan no seu propio centro.

- As citas para odontoloxía e para fisioterapia intentaremos que cada centro de as citas do seu ámbito de influencia.
- SAUDE MENTAL: vai ter un efectivo non sanitario, estase negociando co CHUVI se vai ser exclusivo de saúde mental ou se vai a estar integrado no centro.
  - Un médico en Gondomar de tarde coa pretensión de que pacientes que están en Val Miñor pasen a Gondomar.
- CIG: Pide facilítenselle os datos comparativos do servizo de Val Miñor e especificar onde hai matrona.  
En Val Miñor a capacidade do PSX de tarde estase excedendo
- XERENCIA: O estudio é por centro, se non se quere traballar compartindo habería que redimensionar as quendas.
- UXT: ¿Á odontóloga modificou a súa axenda ás 15 horas?
- XERENCIA: Non se modificou ningunha axenda de momento porque se lle pediu que traballara en principio coa axenda tipo que se lle puxo e logo fixera a proposta.

Coa resolución das xefatura en:

- o C.S. Rosalía de Castro: Incremento 1 efectivo
  - o C.S. Cuba
  - o C.S. Casco Vello
- } 1 efectivo menos, para cubrir estes créase 2 PSX
- o C.S. Coia: Incremento 1 efectivo

**PUNTO OITAVO.- GARANTIR A PRESENZA DE TCAE (Técnicos en cuidados auxiliares enfermería) POR CENTRO E QUENDA (PLAN MELLORA)**

- XERENCIA: O plan mellora establece un como mínimo por SAP ou UAP coas funcións ben definidas, non establece por quenda. Este ano hai 5 prazas colocáronse 4, queda unha pendente e tamén se cubrirán as vacantes que se vaian producindo.

**PUNTO NOVENO.- ATENCION DOMICILIARIA**

- COMISION DE CENTRO: É un tema pendente para ver como vai e se hai novidades.
- XERENCIA: Non hai novidades, seguimos traballando co Concello nos temas dos aparcadoiros, o tema melloraría se se levase a cabo a unificación de sábados.

**PUNTO DECIMO.- PROTOCOLO INTERNO DE VACACIONS E DIAS DE LIBRE DISPOSICIÓN.**

- COMISIÓN DE CENTRO: Pasou unha proposta de reforma do protocolo aprobado no seo dela e quere saber como está.
- XERENCIA: O protocolo da Xerencia está funcionando, unha vez que recibimos o voso documento podemos intentar consensuar, e así poder incorporar algúns aspectos do mesmo.

Entregase borrador e verase na reunión do 16 de abril.

**PUNTO ONCE.- UNIFICACIÓN DO PAC.**

- XERENCIA: Un único PAC Vigo, sito en Coia (coa previsión de localización nas instalacións do Hospital Xeral).

- PRESENZAS:

**Persoal non sanitario:** mantense as actuais presenzas

**Persoal médico:** axústanse para conseguir a propia subsistencia do PAC.

**Persoal enfermería:** en principio diminúense, pasaráselles un primeiro estudio de situación do novo plan funcional.

Xuntase o acta

Facilítaselle copia do plan funcional actual e do primeiro estudio do novo plan

Remata a reunión as doce horas e corenta e cinco minutos do día sinalado